

## COMUNICADO SOBRE O MAL FUNCIONAMENTO DO CONCELLO



Dende a Agrupación de Electores de Redondela queremos denunciar o **funcionamento opaco e antidemocrático** do equipo de goberno local. Levamos moitos meses sufrindo un continuo desprezo no xeito de levar os asuntos aos plenos.

Recibimos case sempre as convocatorias das comisións informativas os venres ás 14:00 da tarde, comisións que se celebran o luns ou martes inmediatos (moitas de xeito extraordinario), co cal **só temos unha mañá ou dúas para: consultar toda a información no Concello, difundila entre os/as membros/as de AER, falar dos puntos entre nós, consultar cos veciños, contrastar, informarnos, preguntar, debater e votar cada decisión a tomar** na correspondente comisión informativa. Ademais, en varias ocasións estas comisións celébranse nun horario ao que o concelleiro de AER non pode acudir debido ao seu traballo (negándosenos a posibilidade de facelo a outra hora). Por todo isto, optamos sempre nestas comisións por abstermos. E hai que apurarse, pois o xoves xa hai que votar no pleno, no cal moitas veces temos que votar en contra pola falta de tempo na preparación dos puntos da orde do día (aínda que o BNG o entenda como un cambio de voto...). Parécenos **moi pouco tempo para que un grupo político que funcione de xeito democrático e horizontal poida traballar e tomar decisións despois dunha análise e debate necesarios**. Non entendemos que o resto dos grupos da oposición non se queixen máis e decidan a súa postura tan axiña, facilitando na maioría dos casos que o goberno local leve adiante as súas propostas con esta falta de transparencia, sen facilitarlle o traballo á oposición ao non proporcionar con carácter previo a información necesaria.

Queremos aclarar que a concelleira Ana Alonso é a excepción da regra, pois procura facilitar con antelación o traballo que leva feito antes das comisións.

A **gota que colmou o vaso** da nosa paciencia produciuse estes últimos días. O mércores da Semana Santa ás 14:00 da tarde informáronos de que habería unha comisión informativa o luns 1 de abril, é dicir, o día hábil seguinte. Ademais, este luns 1 de abril avisáronnos a última hora de que o martes 2 habería outras dúas comisións informativas extraordinarias, unha dela trataba ata 6 puntos. O concelleiro de AER acudiu a mañá do martes 2 de abril ao Concello para consultar e copiar toda a documentación destas comisións, que ademais entra no pleno deste xoves. Comunicáronlle que non ten nada directamente á súa disposición ata o mércores, que **ten que perder toda a mañá buscando polo Concello en cada departamento un por un cada un dos puntos que van a pleno**. Ante a falta de tempo, Jorge Varela "Chopi", pediulle a unha funcionaria que lle deixara os papeis pola tarde no Concello para levarlos despois á asemblea de AER, ao que lle dixeron que "*sen problema*"; pero despois chamárono para informarlle que "*ata o mércores nada*".

**Vendo esta forma de traballar por parte do Concello, AER terá que adoptar unhas medidas de protesta contundentes, acordes a esta falta de democracia e transparencia.**

Redondela, a 2 de abril de 2013.